



ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

A petición do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir o presente informe xustificativo dos obxectivos das subvencións nominativas para os orzamentos da Concellería de Política Social.

Moitas destas subvencións nominativas figuran nos orzamentos da Concellería dende hai varios anos. As subvencións nominativas mais recentes e as modificacións de cuantías inclúense no orzamento por decisión superior para a aprobación polo Pleno da Corporación.

Para o orzamento 2023 a proposta da Concelleira de Política Social inclúense dúas novas subvencións nominativas e incrementase outra:

1.-Liña 1.3 -Convenio ASOCIACIÓN ABERTAL con unha dotación de 60.000€, que se minorarán da aplicación orzamentaria 2310 4800002 Axuda Alugueiro vivenda, alimentos,C. Enerxética.

2.-Liña 1.3-Convenio ASOCIACIÓN DOWN VIGO con unha dotación de 6.000€, que se minorarán da aplicación orzamentaria 2310 4800002 Axuda Alugueiro vivenda, alimentos,C. Enerxética.

3.-Liña 1.3- Incremento da aplicación orzamentaria(CEDRO) 3112 4890000 en 12.000€ que se minoran da aplicación 3112 2210600(adquisición de metadona, reactivos etc.) quedando a aplicación 3112 4890000 Convenio Érguete aloxamento alternativo e programa Sereos dotada con 57.000€.

Para xustificar os obxectivos agrúpanse por liñas estratéxicas:

Liña 1.6. Axudas de emerxencia

Os convenios de colaboración subscritos teñen como finalidade contribuír ao mantemento das actividades das asociacións e, en concreto, facilitar produtos básicos de alimentación destinados a paliar situacións de necesidade.

Axudas sociais de comedores e albergue. Reforzar os recursos de atención inmediata relacionados coa alimentación básica e o aloxamento das persoas e familias mediante programas de alimentos, comedores sociais e albergue.

- Facilitar o acceso á alimentación básica ás persoas e familias sen recursos suficientes, complementando as axudas económicas municipais dispoñibles para estes fins.

- Proporcionar aloxamento temporal complementario do que ofrece o albergue municipal.

Os importes destes convenios son:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:25	Páxina 1 de 4
76-142	CSV: AHA9B3-5FB335-4355E9-2JSFGH-DGP36A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
VIDA DIGNA Asociación VIDA DIGNA	G-36884708	2310 4890012	45.000€
FUNDACIÓN SANTA CRUZ H. Misioneros de los enfermos pobres	G-67116756	2310 4890004	57.060€
FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO	G-36899375	2310 4890013	83.000€
FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO- HOGAR SAN JOSE	G-36626174	2310 4890005	54.750€
AFAN Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)	G-36660348	2310 4890003	60.000€
LA SAL DE LA TIERRA	G-03542362	2310 4800013	10.000€
CONVENIO MISIONERAS DEL SILENCIO	R3600388G	2310 4890014	26.200

Liñas 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias. 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia.

Os convenios nominativos incluídos neste apartado teñen o obxectivo de minimizar os efectos sociosanitarios negativos derivados dalgunhas doenzas ou situacións persoais e, en xeral, mellorar a súa calidade de vida e a das persoas maiores en situación de soidade, favorecer o lecer e as actividades de persoas de capacidades distintas.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS ENFERMOS MENTAIS DOA	G-36044295	23104800004	10.000€
ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	G-36622835	2310 4890002	20.000€
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	G-36776920	2310 4890010	20.000€
FUNDACIÓN MENELA	G-36685964	2310 4890009	8.000€
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO	G-28197564	2310 4800010	7.000€
ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO	G-36613891	2310 4800005	8.000€
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS MAIORES	G-83625509	2310 4800007	20.000€
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO	G-83117374	2310 4800017	16.000€
ASOCIACIÓN ABERTAL	G-36633394		60.000€





ASOCIACIÓN DOWN VIGO

G-36697324

6.000€

Liñas 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación.

Teñen o obxectivo de contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crises humanitarias.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAU	G-15924558	2310 4890011	70.000€
ACNUR	G-80757560	2310 4800001	10.000€
UNICEF	G-84451087	2310 4800012	10.000€

Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias.

O obxectivo dos convenios desta liña é a atención social ás persoas drogodependentes e con outras adicións.

- Apoiar os procesos de deshabitación.
- Posibilitar a efectiva inclusión social destas persoas.
- Ofrecer apoio residencial temporal.
- Ofrecer información, minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, diminuír a marxinalidade do colectivo e prevención do VIH/SIDA e doutras enfermidades transmisibles.
- Reducción de dano en medio aberto.

Os importes destes convenios son:

ENTIDAD	CIF	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	G-36624963	2310 4800003	12.000€
CONVENIO ÉRGUETE ALOXAMENTO			





ALTERNATIVO E SEREOS: ÉRGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO	G-36642726	3112 4890000	45.000€
FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN	G-36861078	3112 4890000	12.000€
MÉDICOS DO MUNDO EDUCACIÓN NA RÚA	G-9408852	3112 4890001	50.000€

Lugar e data según sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:25	Páxina 4 de 4
76-142	CSV: AHA9B3-5FB335-4355E9-2JSFGH-DGP36A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		